



## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS



## IX. DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

### **Primeira.**-*Persoal do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.*

En tanto non entre en vigor a lei Reguladora do Consello Galego da Competencia, o presidente e os vogais do Tribunal Galego de Defensa da Competencia percibirán as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2010.

### **Segunda.**-*Portos de Galicia. Redución da contía da tarifa X-5.*

Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei inclúiren nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15% por subrogarse nas obrigas de pagamento dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. No caso de modificación ou prórroga deste, aplicarase o disposto na regra décimo segunda da tarifa X-5, contida na subalínea 01 da alínea 99 do Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Terceira.**-*Ocupacións de dominio público mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas. Réxime transitorio.*

As ocupacións de dominio público mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas existentes á entrada en vigor da presente lei, baseadas en título suficiente, vixente ou prorrogado consonte á norma, seguiranse rexendo polo disposto no seu título ata a extinción do mesmo.

